



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/37	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	21 de agosto de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 13:16 ata as 13:30 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 6 de agosto de 2018

**Favorable**

**Tipo de votación:** Nominal

A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

HÉITOR MERA HERBELLO  
JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO  
MARIANO ABALO COSTA  
MERCEDES GIRALDEZ SANTOS  
TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ

En contra

---

Abstencións

XOÁN CHILLÓN IGLESIAS

Ausentes

---

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 6 de agosto de 2018.

#### Expediente 3424/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 3424/2018.- Outorgar a S.J.F., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en San Roque, nº X-Darbo, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza para legalización e finalización de reforma interior e exterior de unha vivenda unifamiliar sita en San Pedro, nº X-Darbo (referencia catastral X), de conformidade co estudo técnico básico elaborado polo arquitecto J.R.L. en data xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a dez mil cincocentos sesenta e oito euros con setenta e cinco céntimos (10.568,75 €).

#### Expediente 2847/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2847/2018.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X PB, para en baixada á Praia de Nerga, polígono 18-parcela 557 (Expte. Nº SDG X), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 20 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada en data maio de 2018 e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 21 de xuño de 2018, coas seguintes condicións:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de tres mil cincocentos sesenta e un euros con noventa e tres céntimos (3.561,93 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja. Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**Expediente 3766/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE Nº 3766/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.L.F.B., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Florida, nº X–Balea-Cangas, para reparación de cuberta e apertura de oco na fachada sur de edificación sita en rúa Florida, nº X–Balea-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactado polo arquitecto F.M.L. en data xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a catro mil oitocentos noventa e un euros con vinte céntimos (4.891,20 €).

Acéptase a renuncia do valor expropiatorio que supoñen as obras solicitadas de data 27 de xullo de 2018.

**Expediente 2060/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE Nº 2060/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.M.V.,

**Concello de Cangas**



titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Sanjurjo Badía, nº X-1ºF-Vigo, para reparacións exteriores: reparación de fachadas e cambio de tella en edificación sita en rúa Ferruxiña, nº X-Erbello-Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación técnica redactada polo arquitecto técnico S.G.F. de data abril de 2018 e vista a resolución da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de data 7 de decembro de 2015, na que di que a edificación se atopa incursa na situación de fóra de ordenación. O presuposto de execución material ascende a catro mil novecentos cincuenta euros (4.950,00 €).

**Expediente 3847/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3847/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.A.R., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa O Espírito Santo, nº X-Coiro, para reforma de cuberta de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación técnica redactada polo arquitecto técnico E.C.M. de data 23 de xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a catro mil novecentos cincuenta euros (4.950,00 €).

**Expediente 4950/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4950/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.G.O., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Vilanova, nº X-O Hío, para conservación e mantemento en muro existente sito no lugar de Vilanova-O Hío, de conformidade co informe emitido pola Deputación de data 27 de abril de 2018 (referencia catastral X), e coa documentación incorporada ao expediente de datas xullo de 2017 e abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a oitocentos trinta e un euros con oitenta e sete céntimos (831,87 €).

**Expediente 7864/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7864/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "PARADELO SA", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Estrada de Vigo, nº X-Ourense, para reforma e acondicionamento de nave para tenda de produtos de bricolaxe e xardinería sita en Estrada da Madalena, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación técnica redactada polo arquitecto M.A.A. de data 20 de decembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a cento oitenta e seis mil setecentos trinta e sete euros con sesenta e oito céntimos (186.737,68 €).

Consta no expediente acta de comparencia asinada polo propietario e polo inquilino da nave no



**Concello de Cangas**

que se comprometen a cesar as obras e os usos solicitados, sen dereito a indemnización no momento en que así o acorde o Concello, de conformidade co previsto nos artigos 89 e 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro de 2016.

**Expediente 3833/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3833/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.A.N.C., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Baixada á Praia de Nerga, nº X-O Hío, para instalación de cenador no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 24 de xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a setecentos cincuenta euros (750,00 €).

**Expediente 2733/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2733/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.A.C.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Rosada, nº X-Coiro, para construción de muro de cerramento de parcela sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en datas 30 maio de 2018 e 1 de agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a tres mil oitocentos euros (3.800,00 €).

**Expediente 3755/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3755/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "BASALNOR SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Sol, nº X-baixo, para rehabilitación de fachada de edificación sita no Camiño de Liméns, nº X (referencia catastral X), de conformidade coa documentación técnica redactada polos arquitectos X e X, de data 17 de xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a doce mil setecentos trinta e sete euros con trinta e seis céntimos (12.737,36 €).

**Expediente 7643/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7643/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.C.H.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Río Esteiro, nº X-Vilariño,

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

para muro de cerramento no linde sur da parcela sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada en data decembro de 2017 e vista a autorización da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 19 de xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos sesenta e cinco euros con trece céntimos (1.265,13 €).

#### **Expediente 3913/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3913/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por B.M.M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X-Vigo, para substitución de cuberta en vivenda unifamiliar sita en Estrada do Hío-Vilanova, nº X (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada pola arquitecta técnica C.P.P. de data xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a catro mil cincocentos setenta euros con sesenta e sete céntimos (4.570,67 €).

#### **Expediente 1758/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos para nomeamento de director e coordinador de seguridade e saúde da obra "Renovación de redes de abastecemento e saneamento da rúa Baiona"**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Nominal

A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

HÉITOR MERA HERBELLO  
JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO  
MERCEDES GIRALDEZ SANTOS  
TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ  
XOÁN CHILLÓN IGLESIAS

En contra

---

Abstencións

MARIANO ABALO COSTA

Ausentes

---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de data 16.08.2018 da concelleira de obras e servizos, para nomeamento de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde de proxecto e adoptar o seguinte ACORDO:

1.- Aprobar a solicitude de nomeamento de M.I.M.F. como directora da obra e coordinadora de seguridade e saúde da obra: "Renovación de redes de abastecemento e saneamento da rúa Baiona".

#### **Expediente 2243/2018. Proposta da Alcaldía s/inicio de procedemento de contratación para a execución da obra "Reparación da cuberta e fachadas do CEIP Castrillón de Coiro" (Plan Concellos 2018)**

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta da Alcaldía de data 03.08.2018, referente a inicio de procedemento de contratación para a execución da obra "Reparación da cuberta e fachadas do CEIP Castrillón de Coiro", que é como segue:</p> <p><i>"PROPOSTA DA ALCALDÍA</i> <i>Visto o proxecto 'Reparación da cuberta e fachadas do CEIP de Castrillón de Coiro', así como o proxecto de reparación redactado pola arquitecta municipal M.I.M.F.</i></p> <p><i>Vista a resolución da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra con data 16.07.2018, pola que se concede ao Concello de Cangas unha subvención no Plan Concellos por importe de douscentos noventa e nove mil corenta e dous euros con noventa e cinco céntimos (299.042,95 €), para a execución do proxecto anteriormente citado.</i></p> <p><i>Tendo en conta que o Concello non conta cos medios materiais nin humanos necesarios e suficientes para a execución do proxecto.</i></p> <p><i>Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:</i></p> <p><b>ACORDO</b></p> <p><i>PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación para a execución da obra 'Reparación da cuberta e fachadas do CEIP Castrillón de Coiro', incluída no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan Concellos 2018).</i></p> <p><i>SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.</i></p> <p><i>TERCEIRO.- Que polo departamento de apoio xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.</i></p> <p><i>CUARTO.- Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.</i></p> <p><i>QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto".</i></p>	

**Expediente 2246/2018. Proposta da Alcaldía s/inicio de procedemento de licitación para a execución da obra "Pavimentación e mellora de servizos na rúa Valentín Losada" (Plan Concellos 2018-2019)**

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 17.08.2018, referente a aprobación de inicio de procedemento de licitación para a execución da obra "Pavimentación e mellora de servizos na rúa Valentín Losada", que é como segue:</p> <p><i>"PROPOSTA DA ALCALDÍA</i></p>	

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Visto o proxecto redactado pola arquitecta municipal M.I.M.F., aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 27.03.2018, para a execución da obra 'Pavimentación e mellora de servizos na rúa Valentín Losada', cuxo orzamento ascende á cantidade de cento cincuenta e dous mil catrocentos sesenta e dous euros con oito céntimos (152.462,08 €).

Visto que para a execución do citado proxecto a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante acordo adoptado en sesión de data 31.07.2018, concedeu ao Concello de Cangas unha subvención con cargo ao 'Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019', por importe de cento cincuenta e dous mil catrocentos sesenta e dous euros con oito céntimos (152.462,08 €), distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	Fondos propios do Concello / Achegas doutras AAPP
2018	76.231,04 €	76.231,04 €	0,00 €
2018	76.231,04 €	76.231,04 €	0,00 €
Total	152.462,08 €	152.462,08 €	0,00 €

Tendo en conta que o Concello non conta cos medios materiais nin humanos necesarios e suficientes para a execución do proxecto.

Por todo o que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento de licitación para a execución da obra "Pavimentación e mellora de servizos na rúa Valentín Losada" incluída no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan Concellos 2018-19).

**SEGUNDO.-** Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

**TERCEIRO.-** Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.

**CUARTO.-** Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**QUINTO.-** De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto".

**Expediente 2239/2018. Proposta da Alcaldía s/inicio de procedemento de licitación para a execución da obra "Mellora de abastecemento e/ou saneamento en Camiño Rabáns, Paga da Besta e Praia de Castiñeiras" (Plan Concellos 2018-2019)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 17.08.2018, referente a aprobación de inicio de procedemento de licitación para a execución da





obra "Mellora de abastecemento e/ou saneamento en Camiño Rabáns, Pagma da Besta e Praia de Castiñeiras", que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA*

*Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro S.J.P.V., aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 27.03.2018, para a execución da obra 'Mellora de abastecemento e/ou saneamento en Camiño Rabáns, Pagma da Besta e Praia de Castiñeiras', cuxo orzamento ascende á cantidade de cento setenta e dous mil douscentos sesenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (172.265,26 €).*

*Visto que para a execución do citado proxecto a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante acordo adoptado en sesión de data 31.07.2018, concedeu ao Concello de Cangas unha subvención con cargo ao 'Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019', por importe de cento setenta e sete mil cincocentos trinta e dous euros con cinco céntimos (177.532,05 €), distribuída segunda a seguinte táboa:*

<i>ANUALIDADE</i>	<i>ORZAMENTO</i>	<i>SUBVENCIÓN</i>	<i>Fondos propios do Concello / Achegas doutras AAPP</i>
<i>2018</i>	<i>91.399,42 €</i>	<i>91.399,42 €</i>	<i>0,00 €</i>
<i>2018</i>	<i>86.132,63 €</i>	<i>86.132,63 €</i>	<i>0,00 €</i>
<i>Total</i>	<i>177.532,05 €</i>	<i>177.532,05 €</i>	<i>0,00 €</i>

*Tendo en conta que o Concello non conta cos medios materiais nin humanos necesarios e suficientes para a execución do proxecto.*

*Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

*PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de licitación para a execución da obra 'Mellora de abastecemento e/ou saneamento en Camiño Rabáns, Pagma da Besta e Praia de Castiñeiras', incluída no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan Concellos 2018-2019).*

*SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*TERCEIRO.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.*

*CUARTO.- Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.*

*QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaria ao respecto".*

**Expediente 3699/2018. Cancelación e devolución de garantía**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de mil seiscientos trinta e dous euros con noventa céntimos (1.632,90 €), ingresada por V.N.C., no expediente nº 21.560, licenza de obras nº 21.022.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada.

**Expediente 4059/2018. Proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade s/concesión de axuda de emerxencia social**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 16.08.2018 do concelleiro de servizos sociais, referente a concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Tomás Hermelo Álvarez en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra).*

*En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por A.B.N., con DNI nº X e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica por importe de seiscientos cincuenta e tres euros con noventa e oito céntimos (653,98 €)".*

**Expediente 4061/2018. Proposta da concellería de emprego e desenvolvemento local s/solicitude de subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (exercicio 2018)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 16.08.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a solicitude de subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018, que di o seguinte:

*"As directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia da creación de postos de traballo a nivel local e bosquexan unha estratexia de implicación de toda a sociedade nese empeño.*

*Para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego, creouse a figura subvencionada do/da axente de emprego e desenvolvemento local, para realizar tarefas de promoción de actividades, prospección de mercados e asesoramento de proxectos de empresa.*

*Co motivo de incorporar esta figura á oferta de servizos municipais, creouse a Axencia de*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*Desenvolvemento Local, configurándose como un centro de referencia a nivel local para a programación e planificación de accións formativas, asesoramento a persoas desempregadas, emprendedoras e empresas, estímulo do espírito emprendedor e apoio á economía social e ao autoemprego.*

*Desde a súa creación, a Axencia de Desenvolvemento Local, vén desenvolvendo as súas tarefas con efectividade, entre as que destacamos:*

- *Asesoramento para a creación de empresas.*
- *Solicitud de axudas e subvencións para emprendedores/emprendedoras e empresas.*
- *Promoción do espírito emprendedor.*
- *Xestión de programas de mellora da empregabilidade: programas de cooperación, etc.*
- *Xestión do Viveiro de empresas municipal.*
- *Xestión do "Aula do emprendedor".*
- *Deseño de estudos, informes e programas de fomento do emprego e a formación.*
- *Orientación laboral a persoas desempregadas.*

*Para que este servizo continúe realizando o seu labor, contando coa subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria cómpre a solicitude dunha axuda, ao abeiro da orde do 23 de xullo de 2018 da devandita Consellería.*

*Por todo isto, a concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, Ángela Vizoso Marcos, propón á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*a) Solicitar subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018, no ámbito da colaboración coas entidades locais, segundo se establece na Orde do 23 de xullo de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.*

*b) Comprometerse a incluír partida orzamentaria nos orzamentos xerais do vindeiro exercicio, na que figure unha cantidade que permita cubrir o importe correspondente á achega municipal para a contratación anual desta persoa, que se estima por importe de vinte e seis mil catrocentos dezasete euros con oitenta e dous euros ( 26.417,82 euros)".*

**Expediente 5983/2017. Dación de conta de Sentenza nº 95/2018 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (procedemento abreviado nº 218/2017)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta da Alcaldía de data 03.08.2018, referente a dación de conta de Sentenza nº 95/2018 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 218/2017, que é como segue:

*"Visto o contido da sentenza nº 95/2018, de 19 de xullo de 2018, con rexistro de entrada no Concello de Cangas nº 9269 do 02/08/2018, resolutoria do Procedemento Abreviado nº 218/2017, seguido a instancia de M.C.G. no Xulgado do Contencioso nº 2 de Pontevedra co seguinte fallo:*



*“Que, estimando o recurso contencioso-administrativo, presentado pola procuradora S.T.A., en representación de M.C.G., contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polo demandante perante o Concello de Cangas do Morrazo, declaro que a actividade administrativa impugnada non se axusta a dereito, procedendo a declaración de responsabilidade patrimonial da administración local demandada e a súa condena ao pagamento á demandante da cantidade de douscentos noventa e seis euros con corenta e tres céntimos (296,43 €), mailos intereses legais correspondentes desde a presentación da reclamación administrativa.*

*As custas se impoñen á administración demandada.*

*Notifíquese esta resolución ás partes, facéndolles saber que contra esta non cabe interpor recurso ningún e procédase a remitir testemuña desta sentenza en unión do expediente administrativo.”*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### **ACORDO**

*Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza nº 95/2018, de 19 de xullo de 2018, con rexistro de entrada no Concello de Cangas nº 9269 de 02.08.2018, resolutoria do Procedemento Abreviado nº 218/2017, seguido a instancia de M.C.G. no Xulgado do Contencioso nº 2 de Pontevedra.*

*Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de douscentos noventa e seis euros con corenta e tres céntimos (296,43 €), mailos intereses legais correspondentes desde a presentación da reclamación administrativa, con cargo ao vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico”.*

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión dos seguintes puntos na orde do día:

#### **Expediente 4108/2018. Proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade s/concesión de axuda de emerxencia social (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 16.08.2018 do concelleiro de servizos sociais, referente a concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:



Concello de Cangas

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Tomás Hermelo Álvarez en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra).*

*En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M. J. D.R., con DNI nº X e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica por importe de mil catrocentos noventa e tres euros con doce céntimos (1.493,12 €)".*

**Solicitude do horario especial das Festas do Cristo de Cangas (Urxencia)**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Nominal A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0	
	A favor	HÉITOR MERA HERBELLO MERCEDES GIRALDEZ SANTOS XOÁN CHILLÓN IGLESIAS MARIANO ABALO COSTA
	En contra	---
	Abstencións	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ
	Ausentes	---

Vista a solicitude presentada en data 17.08.2018 pola Xunta de Persoal e polo Comité de Empresa do Concello de Cangas, na que demandan horario especial con redución horaria laboral das festas patronais, "Festas do Cristo de Cangas".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o seguinte horario laboral para as Festas do Cristo-2018:

\* Os días 28, 29, 30 e 31 de agosto: de 9:00 a 14:00 horas.

Para os departamentos con horarios especiais, realizarán a redución atendendo ás necesidades do servizo e de selo caso, nos mesmo termos que o ano anterior.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850